

**35.- EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 22 DE AGOSTO DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretario Accidental:**

D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

**Interventora Accidental:**

M<sup>a</sup> CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 34/2016 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 16 DE AGOSTO DE 2016.**

Acordouse aprobar a acta núm. 34/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 16 de agosto de 2016, e procedeuse á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZA DE OBRA.-**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para construción de vivenda unifamiliar, en Outeiro, s/n - Lalín de Arriba – Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 22/08/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 2.257,80 euros.

**3.- EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.-**

**3.1.-** Acordouse resolver o presente expediente de reposición da legalidade, ordenando ao interesado que, de xeito inmediato, cese definitivamente a actividade descrita.

#### **4.- CERTIFICACIÓN DE OBRA.-**

**4.1.-** Acordouse **aprobar a certificación de obra** número 2 e final da obra “Subministro eléctrico para local social e instalacións anexas o campo de fútbol” cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de 2.250,65 €.

#### **5.-EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.-**

**5.1.-** Acordouse **aprobar o estudio técnico denominado “Estudio Técnico de Repintado Interior da Guardería Municipal “Pontiñas - Lalín”**, redactado polo Arquitecto Técnico Municipal con data de 27 de xullo de 2016, e autorizar e comprometer un gasto por importe de 1.845,27 € máis a partida de 387,51 € correspondente ao IVE, para realizar as obras denominadas “REPINTADO INTERIOR DA GUARDERIA MUNICIPAL PONTIÑAS”. Así mesmo acordouse contratar con ALBERTO SENANDE RODRIGUEZ a realización da citada obra, con arranxo ao orzamento remitido pola citada entidade mercantil, polo importe total de 2.232,78 € (IVE incluído).

**5.2.-** Acordouse iniciar o expediente denominado **“BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓN DE FEIRA NA ZONA DO REGUEIRIÑO, DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2016”**, mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, segundo os prezos establecidos no Proxecto de Feira elaborado polo Arquitecto Técnico Municipal de data 19 de agosto de 2016.

**5.3.-** Acordouse adxudicar o contrato de obras denominado **“MELLORA DO ESPAZO MEDIOAMBIENTAL RÍO PONTIÑAS”** por un importe de 44.720,20 euros e un prazo de execución de 45 días hábiles.

**5.4.-** Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A CONSERVACIÓN E BACHEO DE PISTAS ASFALTADAS DO CONCELLO DE LALÍN”** que comprende os seguintes lotes: Lote núm. 1: Bituminosos; Lote núm. 2: Áridos, mediante procedemento aberto, trámite urxente e un criterio de valoración, con orzamento máximo de licitación de 178.615,43 € (IVE incluído) para o Lote

núm. 1: Bituminosos e de 28.895,70 € (IVE incluído) para o Lote núm. 2: Áridos.

## **6.- FACTURAS E CONTAS.**

**6.1.-** Acordouse **aprobar e declarar de abono** a relación de facturas nº 00102, por importe de 27.673,43 €.

## **7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.-**

**7.1.-** Acordouse **conceder os postos e aprobar as altas e liquidacións** para o exercicio 2016 pola Taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica, por importe total de 83,20 euros.

**7.2.-** Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total de 254,00 €.

**7.3.-** Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 200,00 €.

**7.4.-** Acordouse a **renovación da tarxeta de estacionamento** para persoas con minusvalía nº 06/2015.

**7.5.-** Acordouse conceder as **prazas gratuítas nos Campamentos do Mar 2016, nos Campamentos Urbanos 2016 e na Escola de Verán 2016** aos menores indicados nos informes anteriormente mencionados por pertencer a unidades familiares en situación de desventaxa económica e social.

**7.6.-** Acordouse **admitir e estimar a solicitude presentada para aprobar a devolución de ingresos indebidos** a favor de interesada por importe de 100 euros ingresando a devolución de ingresos no número de conta aportado pola interesada.

**7.7.-** Acordouse admitir a documentación presentada pola Escudería Lalín-Deza como xustificación do **Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e a Escudería Lalín-Deza para a celebración do XXII Rallye do**

**Cocido**, e aprobar a conta xustificativa de dito convenio polo importe de 40.201,92 € derivado da relación de facturas xustificativas dos gastos relacionados coa celebración do XXIIº Rallye do Cocido.

**7.8.-** Acordouse estimar as alegacións presentadas polo Concello de Rodeiro, anular a liquidación aprobada por Xunta de Goberno local de data 30 de maio de 2016 e pceder a aprobación dunha nova liquidación ao Concello de Rodeiro por importe de 454,37 euros que ascende ao importe a aportar polo Concello de Rodeiro correspondente a **Convenio de Colaboración marco para a prestación conxunta do servizo do centro de información á mulleres, entre o Concello de Lalín, o Concello de Rodeiro e o Concello de A Golada ano 2014-2015.**

**7.9.-** Acordouse desistir da solicitude de subvención presentada polo Concello de Lalín para o investimento denominado “Deseño, homologación e marcaxe do Roteiro dos Pazos. Adquisición de sinalización para roteiros de Lalín”, por importe de 14.425,00 euros, tramitada a través da Liña 1: Investimentos, das recollidas nas bases e en substitución da mesma, solicitar ao abeiro da Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gasto corrente, unha subvención para o mesmo proxecto **“Deseño, homologación e marcaxe do Roteiro dos Pazos. Adquisición de sinalización para roteiros de Lalín”**, por importe de 14.425,00 euros, o que supón que o Concello non aporta ningunha achega para o seu financiamento.

## **8.- CORRECIÓN DE ERROS.-**

**8.1.- Corrixíuse o erro** detectado no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 16 de agosto de 2016, en relación á aprobación da relación de facturas núm. 00101 por importe total de 83.500,03 €.

**8.2.- Corrixíuse o erro** acaecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 2 de agosto de 2016, en relación á aprobación da relación de facturas núm. 00094 por importe total de 38,354,41 €.

**8.3.- Corrixíuse o erro** acaecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 26 de xullo de 2016, en relación á aprobación da relación de facturas núm 00091 por importe total de 26,927,55 €.

## **9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

9.1.- Deuse conta do escrito presentado para solicitar que se proceda a dar difusión e que se adquira se é posible algún exemplar do libro "Misión Gallástegui, la mejora genética agropecuaria" do cal o solicitante é autor-editor, así como para solicitar que se rinda homenaxe oficial a Cruz Gallástegui polo feito de que este ano se conmemoran os 125 anos do seu nacemento.

9.2.- Deuse conta do escrito presentado para denunciar as molestias ocasionadas polos clientes do pub Galena nas noites do fin de semana e coa finalidade de que se adopten as medidas oportunas e se leve a cabo a vixilancia da zona.

9.3.- Deuse conta do escrito presentado solicitando que se lle reserven 3 prazas de aparcamento na Rúa de Melide, Lalín o día 2 de setembro de 2016, con motivo da súa mudanza dende Ginebra (Suíza) a Lalín, e visto o informe favorable da Policía Local a tal efecto.

9.4.- Deuse conta do escrito remitido polo Xefe de Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta de Galicia, o 17 de agosto de 2016, solicitando colaboración do Concello de Lalín para executar unha medida de 100 horas de prestacións en Beneficio da Comunidade cunha menor, coa entidade conveniada ARELA, á que lle foi atribuída a execución de dita medida.

9.5.- Concedese **autorización municipal** para cortar o paso do Paseo do Lago Pontiñas no tramo que linda co edificio nº 48 da Rúa Areal durante dous días para proceder ao pintado da fachada de dito edificio, debendo deixar libre un paso peonil que cumpra as debidas medidas de seguridade.

9.6.- Concedese autorización municipal para a celebración dunha nova edición da **Algarabía** os días 2, 3 e 4 de setembro.

9.7.- Deuse conta da resolución da Consellería de Turismo de Galicia recibida o 17 de agosto de 2016 na que se procede a **denegar a solicitude de subvención para o proxecto "Actuacións de mellora en accesibilidade e sinalización no entorno do Pazo de Liñares"**, por esgotamento do crédito dispoñible.

9.8.- Deuse conta da Resolución remitida o 17 de agosto de 2016 sobre o requirimento previo á vía Contenciosa-Administrativa formulado polo Concello de Lalín, na que se **desestima** dito requirimento e se confirma a resolución da **Directora da Administración 36/02 que denega a solicitude do Concello de Lalín de asignación de C.C.C.** para efectuar a cotización pola prestación de asistencia sanitaria por tres funcionarios.

**9.9.-** Concedese **autorización municipal** para ocupar a Rúa Colón coa instalación dunha tesoira elevadora a gasoil desde o día 22/08/2016 ata o día 31/08/2016 con motivo da realización de obras de mellora na cuberta do edificio da Rúa Observatorio N° 10, debendo o solicitante colocar a sinalización regulamentaria e non entorpecer a zona de carga e descarga.

**9.10.-** Deuse conta da Resolución da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, remitida o 18 de agosto de 2016, na que se **conceden 3.383,77 euros ao Concello de Lalín para a "Estabilización do Cruceiro de Lalín de Arriba"**.

**9.11.-** Deuse conta do escrito remitido polo **Bispado de Lugo** no que informa, en relación á titularidade do **Cruceiro de Lalín de Arriba**, que revisados os libros parroquiais non lles consta ningunha referencia sobre o mesmo.

**9.12.-** Deuse conta da solicitude formulada por 9 peregrinos para pernoctar no Polideportivo de Lalín o día 23 de agosto de 2016.

**9.13.-** Concedese **autorización municipal** a CRUZ VERMELLA para continuar utilizando a Aula CEMIT co fin de seguir desenvolvendo as actividades de Obradoiro de Informática para persoas maiores e Obradoiro de búsqueda activa de emprego, de setembro a decembro no mesmo horario de luns a mércores de 11:00 a 13:00 horas.

**9.14.-** Concedese **autorización municipal** a traballador municipal para asistir ao curso “A lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administración Públicas”.

**9.15.-** Concedese **autorización** para a celebración da XIV Xuntanza Campestre en recordo de Manuel Ferreiro, alcalde de Lalín durante a IIª República e dos represaliados do Franquismo, o día 27 de agosto de 2016, consistente na ofrenda na sepultura de Manuel Ferreiro no cemiterio de Soutolongo ás 13:30 horas e Xantar na Carballeira do Rodo ás 15:00 horas.

-----